

“Aventuras de mar e de terra en *Costa do Solpor*”

- “**Riqueza da terminoloxía mariñeira (ex.: a fermosa descrición dunha tormenta)**”.
- “**Madurado coñecemento da historia, da etnografía, da onomástica e da lingua de Galicia**”

- A obra *Costa do Solpor* é unha novela clásica de aventuras que se desenvolve no século XVIII, un relato moi verosímil de naufraxios, de piratas e de enfrontamentos no mar, con abordaxes, como en toda novela de corsarios, con escenas de auténtico pánico a carón de tenres escenas amorosas e cunha longa e complexa batalla en terra e no mar na parte final, que ten moito de novela xuvenil, con final feliz.

- *Costa do Solpor* é, ante todo, unha homenaxe á Costa da Morte, e particularmente á súa xente, ós cregos loitadores e á súa fidalguía avanzada. (...) Tamén é unha homenaxe a escritores de onte, coma o muxián López Abente, do que aparece algún verso e algunha lenda que el tratou, e sobre todo hónranse escritores novos con salitre na súa obra, particularmente o fisterrán Alexandre Nerium de quen Lema toma moi diverso léxico mariñeiro (...).

- O falar propio da xente da Costa da Morte, particularmente a morfoloxía e a fraseoloxía, está moi presente nos diálogos da xente da costa, como o está a paisaxe, a toponimia, a talasonimia e a onomástica xeral (...).

- Hai choscadelas ó presente, particularmente ó episodio do *Prestige* e ás súas consecuencias. (...)

- Non é doado resumir o argumento da longa novela porque hai unha trama xeral e varias subtramas. (...) As máis de 600 páxinas da trama e subtramas acompañanse de vinte páxinas con notas históricas que o autor considera imprescindibles para comprender o relato e situalo no contexto, o que nos permite apreciar que ás veces a narración se basea en feitos e personaxes reais.

- Merece entrar na nosa literatura do mar pola trama, pola paisaxe mariñeira e costeira e pola riqueza da terminoloxía mariñeira que salfire toda a obra. Boa mostra da lingua literaria mariñeira é a fermosa descrición da tormenta que sufriu a *Hispaniola* (cap. 6).

- En privado e en público Lema ten dito que *Costa do Solpor* é a súa primeira e derradeira novela. (...) Despois de ler con certo vagar a obra e anotar moi diversos aspectos do léxico, fixarme nas tramas do relato, na configuración dos diversos personaxes e nas moitas notas a rodapé aclaratorias de termos ou de contido, despois disto tirei a conclusión de que é froito dun labor de moitos anos, que non se trata dunha novela xuvenil, que é moito máis ca iso, e que, seguramente sexa, efectivamente, a súa derradeira novela.

- En *Costa do Solpor* Lema a súa gran paixón e o seu madurado coñecemento da historia, da etnografía, da onomástica e da lingua de Galicia, especialmente no que atinxe á Costa da Morte; e así mesmo vese a súa paixón e coñecemento de países célticos como Bretaña e Cornualles, ademais de lecturas de autores moi diversos nos

que bebeu para facer esta grande obra e que, por honestidade intelectual, cita no completo apartado de 'Débedas'.

(A *Trabe de Ouro*, nº 93, xaneiro-febreiro-marzo 2013)